

EXCURSIÓN: GALICIA CELTA

-Baiona-A Guarda-Domingo 21 de abril

• Castro do monte de Sta Tegra



O castro do monte Santa Tegra atópase situado no punto máis alto do este, a 300 m de altitude, dominando toda a inmesidade do océano Atlántico, a desembocadura do río Miño e boa parte da costa atlántica. Trátase dunha construción estratéxica pola súa localización de recinto amurallado. As orixes deste poblado remóntanse aos séculos II e I a.c. aínda se aprecia na súa maioría grande influencia romana, como as casas rectangulares, as murallas defensivas e as portas de entrada ao recinto. Non esquezamos que os castros prerromanos eran redondos por mitoloxía, ya que ao non ter esquinas os espíritus non quedaban retidos nese lugar.


XANTAR concertado no restaurante "Glasgow"

Entrantes (chipiróns, tortilla, mexilóns en vinagreta)

Xamón asado

Pan, auga, viño e café

Tarta caseira



• Parador de Baiona

Ocupando a península de Monterreal, é un dos paradores máis singulares, a metade de camiño entre fortaleza medieval e arquitectura señorial galega. Álzase como impresionante mirador sobre o océano, rodeado dun recinto amurallado, protexido polo mar e flanqueado por un fermoso bosque de pinos.

• Casco histórico de Baiona

Baiona ten unha grande importancia histórica, xa que en marzo de 1493 Martín Alonso Pinzón arribou as costas de Baiona tras a súa viaxe a América convertindo a esta vila na primeira de Europa que soubo a noticia do descubrimento do Novo Mundo. Por isto a primeira fin de semana de marzo celébrase no casco histórico de Baiona unha festa medieval chamada **La Arribada**. O casco vello de Baiona foi declarado conxunto de interese histórico-artístico pola Dirección Xeral do Patrimonio en 1993, coincidindo coa celebración do V Centenario da Arribada. A súa protección está contemplada no Plan Xeral de Ordenación Urbana e no Plan Especial de Protección de Conxunto histórico-artístico, que limita a altura dos edificios e a calidade dos materiais.



• Virxe da Rocha



Monumento de D. Laureano Salgado Rodríguez, comezou a construírse no ano 1910, colocándose sobre a primeira pedra unha caixa de zinc, contendo dúas moedas de ouro, dúas de prata e dúas de bronce, xunto cunha copia do acta de tal acontecemento. Esta imaxe pétreo, cuio manto arranca dende a mesma rocha, está a 100 metros sobre o nivel do mar e ten 15 metros de altura, tallada en pedra, a excepción da cara e as mans que son de mármore branco.

A súa coroa está rodeada de azulexos e pedra. O interior do monumento está valeiro e ten unha escaleira de caracol que permite subir ao barco que a virxe sostén na súa man dereita dende onde teremos unha magnificas vistas

Prezo: 29€ (todo incluído)

(transporte+guía+seguro+xantar+entradas)

PROXIMAS EXCURSIÓNS:

- "Portugal dos cativos" (Portugal dos pequeniños, Coimbra...) – Sábado 27,28 de abril (Inscripcións dende o martes 9 de abril)
- "Galicia etnográfica" (Cambados, Ribadumia...) – Sábado 11 de maio (Inscripcións dende o xoves 25 de abril)